

INFORME Ref. CBD/149/2022	Expte.2022024342
Asunto: Avaliación de ofertas consente a criterios avaliábeis mediante cifras e fórmulas "OBRAS DE EXECUCIÓN DA REFORMA PARA A ADAPTACIÓN Á LEI DE REGULACIÓN DO APROVEITAMENTO LÚDICO DAS AUGAS TERMAIS DE GALICIA E MELLORA DA ACCESIBILIDADE NA PISCINA TERMAL DE AS BURGAS"	Destinatario: Servizo de Contratación

En relación coa solicitude formulada pola mesa de contratación (23/11/2022) recollida na propia acta do día 22/11/2022 na que se solicita "informe ao titular do Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria para a avaliación das ofertas consente aos criterios avaliábeis mediante cifras e fórmulas, e comprobación das ofertas en situación de anormalidade, de conformidade co artigo 9 do PCAP".

A vista da solicitude recibida en relación coas ofertas presentadas para a contratación das "**OBRAS DE EXECUCIÓN DA REFORMA PARA A ADAPTACIÓN Á LEI DE REGULACIÓN DO APROVEITAMENTO LÚDICO DAS AUGAS TERMAIS DE GALICIA E MELLORA DA ACCESIBILIDADE NA PISCINA TERMAL DE AS BURGAS**", debo manifestar o seguinte:

1. No presente informe se procede á valoración das ofertas económicas remitidas pola mesa de contratación, non se procede a comprobación das mesmas, xa que existe unha acta da mesa de contratación (CSV: 32EDW4IYO0863PNW) debidamente asinada polos seus membros (presidente, secretario e dous vocais) que entendo teñen revisado os datos incluídos na mesma previamente a súa sinatura, polo que non é competencia deste funcionario revisar todas as ofertas presentadas nun expediente de contratación no que non tivo ningún tipo de participación.
2. Para a valoración da oferta económica utilízanse as fórmulas contempladas no artigo 9 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, así coma para a consideración de ofertas con valores anormais ou desproporcionados efectuase o cálculo de acordo co previsto no mesmo artigo.
3. Aplicando ditas fórmulas, os resultados obtidos son os seguintes





IMPORTE LICITACIÓN		576.492,86 €						
LICITADORES	PREZO BASE	IVE	TOTAL	Baixa (Bi)	Baixa (Bi) %	Bi - Bm	(Bi - Bm)^2	
Construcciones Orega SL	462.242,46 €	97.070,92 €	559.313,38 €	17.179,48 €	2,98 %	187,73 €	35.243,12 €	
Coviastec SL	453.655,55 €	95.267,67 €	548.923,22 €	27.569,64 €	4,78 %	10.577,89 €	111.891.811,86 €	
Oreco Balgón SA	471.294,82 €	98.971,91 €	570.266,73 €	6.226,13 €	1,08 %	-10.765,62 €	115.898.662,26 €	
							227.825.717,24 €	
							75.941.905,75 €	
BAIXA MEDIA (Bm)	16.991,75 €	2,95 %						
Desviación típica	8.714,47 €							
Intervalo de referencia	8.277,29 €	25.706,22 €						
LICITADORES	Baixa (Bi)	Cumple (si/non)						
Construcciones Orega SL	17.179,48 €	si	17.179,48 €					
Coviastec SL	27.569,64 €	non						
Oreco Balgón SA	6.226,13 €	non						
BAIXA DE REFERENCIA (Br)			17.179,48 €	2,98 %		+5%	7,98 %	
LICITADORES		Anormalmente baixa (>7,98 %)						
Construcciones Orega SL	2,98 %	non						
Coviastec SL	4,78 %	non						
Oreco Balgón SA	1,08 %	non						
REPARTO PUNTUACIÓN $PE_i = 50 * (Bi/Be)^{(1/10)}$	Bi	Be	Puntos					
		27.569,64 €						
Construcciones Orega SL	17.179,48 €		47,69					
Coviastec SL	27.569,64 €		50,00					
Oreco Balgón SA	6.226,13 €		43,09					





TOTAL PUNTUACIÓN	PE1 (70 ptos)	PE2 (10 ptos)	PE3 (18 ptos)	PE4 (5 ptos)	PE5 (17 ptos)	TOTAL (100 ptos) (PE1+PE2+PE3+PE4+PE5)
Construcciones Orega SL	47,69	10	18	5	17	97,69
Coviaslec SL	50,00	10	18	5	17	100,00
Oreco Balgón SA	43,09	10	18	5	17	93,09

Nota aclaratoria sobre os cálculos realizados:

Pode apreciarse unha incoherencia entre o recollido na páxina 18 do prego de cláusulas administrativas particulares:

A CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE CIFRAS E FORMULAS

$PE_{max} = PE1 + PE2 + PE3 + P4 + P5 = 100$ puntos.

PE1 Oferta económica:	50 puntos.
PE2 Período de mantemento integral das instalacións executadas	10 puntos
PE3 Redución do prazo de execución	18 puntos
P4 Ampliación do prazo de garantía	5 puntos
P5 Melloras ofertadas	17 puntos

PE1: REDUCCION DO PREZO = 50 puntos

E o recollido na páxina 20 do mesmo documento, en canto a fórmula a aplicar para a valoración da redución do prezo:





3. Puntuación das ofertas económicas:

As puntuacións PE1i das ofertas económicas obteranse segundo a seguinte fórmula, redondeándose ao segundo decimal:

$$PE1i = 70 * (Bi/Be)^{1/10}$$

Dado que esta fórmula contén un importe de 70 no lugar dos 50 puntos a repartir, co que de utilizar este dato os puntos totais obtidos por unha empresa poderían superar os 100 puntos previstos por criterios avaliábeis mediante cifras e fórmulas, coma máximo no propio prego, tal e coma se pode comprobar co cadro que se inclúe a continuación:

LICITADORES	Anormamente baixa (>7,98%)			
Construcciones Orega, SL.	2,98 %	non		
Coviasfec SL.	4,78 %	non		
Oreco Balgon, SA.	1,08 %	non		

REPARTO PUNTUACIÓN PE1i = 70 * (Bi/Be)^(1/10)	Bi	Be	Puntos (70)	Puntos (50)
		27.569,64 €		
Construcciones Orega, SL.	17.179,48 €		66,77	47,69
Coviasfec SL.	27.569,64 €		70,00	50,00
Oreco Balgon, SA.	6.226,13 €		60,32	43,09

O que se pon en coñecemento da mesa de contratación solicitante deste informe, os efectos oportunos.

Ourense, na data da sinatura
A TAX adscrita temporalmente ó Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria,
(documento asinado electronicamente ó marxe)

O Xefe do Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria
(documento asinado dixitalmente a marxe)
(ref informe JFC/239/2022)

Documento asinado electronicamente conforme á Lei 59/2003.

A versión impresa do documento electrónico ten a condición de COPIA.

Verificación do documento mediante código CSV no sitio <http://sede.ourense.gob.es>

CÓDIGO CSV:NRHD02B58P08QVEL

